

VIDEO MEDIDAS TRADICIONAIS GALEGAS

Margarita Losada Rodríguez
Cristina Galán Rapp
M^a Carme Fernández Pazos

Vídeo: medidas tradicionais galegas

Parte I: as medidas tradicionais galegas

1. Orixe e evolución da medida.
2. Unidades de medidas:
 - a) Medidas de lonxitude
 - b) Medidas de superficie
 - c) Medidas de capacidade (áridos)
 - d) Medidas de capacidade (líquidos)
 - e) Medidas ponderais
3. Valores e equivalencias
 - a) Medidas de lonxitude
 - b) Medidas de superficie
 - c) Medidas de capacidade (áridos)
 - d) Medidas de capacidade (líquidos)
 - e) Medidas ponderais
4. Bibliografía

Parte II: O Vídeo

1. As medidas tradicionais galegas en vídeo
2. Cuestionario 1:
Medidas tradicionais galegas (1º ciclo e.s.o.)
3. Cuestionario 2:
As medidas tradicionais galegas e as funcións

PARTE I:

ORIXE E EVOLUCION DA MEDIDA

O feito metrolóxico remóntase á Antigüidade. Pode dicirse que, dende que existe o comercio, aínda na súa forma máis rudimentaria, mediante o troco de froitos e xéneros de todo tipo, séntese a necesidade de medir e pesar os diversos produtos.

Agora ben, estas medidas esixen a elección dunhas unidades ou patróns que han de ser permanentes na cantidade cando menos en cada circunscrición de tempo e lugar.

Estas unidades de medida nacen das propias dimensións do corpo humano: fálase da fase antropométrica.

Esta fase ten a vantaxe da permanente dispoñibilidade dos patróns e os inconvenientes das pequenas diferencias individuais e a falta dunha relación de multiplicidade.

Posteriormente pásase á fase significativo-funcional, na que o patrón é o resultado da acción humana.

Esta fase é de singular importancia no que respecta á medida de superficie de terras de cultivo.

Xurden medidas relacionadas co tempo de traballo necesario para cultivar certa superficie de terra, e medidas relacionadas coa cantidade de gran que se sementa nela.

Esta orixe funcional é a causa da coincidencia da denominación das unidades de superficie e as de capacidade de áridos.

Estes últimos (grans e sementes en xeral), mídense non polo seu peso, senón polo seu volume. E dicir, por medio das chamadas medidas de capacidade, que non son máis que uns recipientes de formas diversas e construídos con materiais ríxidos co fin de non seres deformados para modificar a súa cabida.

A principal característica é que segundo o tipo de semente, ou segundo o líquido a medir (viño, augardente, aceite), cambia o tamaño da correspondente unidade aínda que conserve o mesmo nome.

Este feito obedece a unha mentalidade pragmática e funcional e danos idea da dificultade que conleva calquera proceso de abstracción.

Pero este caos nas medidas, que ademais varían dun lugar a outro, supón grandes atrancos para realizar transaccións comerciais.

Son abundantes os intentos de homoxeneizar os distintos sistemas de medidas nos diversos pobos.

O máis importante é o nacido na Francia revolucionaria e baseado nunha concepción cosmolóxica, buscando un patrón de lonxitude relacionado coas dimensións da Terra ou con algunha constante física.

Así xurde o metro, que ofrece garantías de inmutabilidade e permite a súa reprodución, en caso necesario, dada a súa relación con algunha invariante física.

Se ben a característica máis relevante do novo sistema é a relación constante de múltiplos e divisores en base ao número dez; estamos ante o SISTEMA METRICO DECIMAL.

* Todos os datos referidos a continuación son tomados do libro de María Isabel Fernández Justo mencionado na bibliografía e baseado na tese doctoral da mesma autora.

BIBLIOGRAFIA:

FERNANDEZ JUSTO, M^a ISABEL. La metrología tradicional gallega: aportación a los estudios sobre el medio rural. Madrid: Instituto geográfico nacional. Centro español de metrología, 1986.

(tomo I: tablas, tomo II: mapas)

CALVO, JUAN JACOBO. Fórmula de metrología universal, con ejemplo de aplicación a 1954: medidas y pesas usadas en los 97 ayuntamientos de la provincia de Ourense. Ourense, 1873.

VALCARCEL Y QUIROGA, ANTONIO. Equivalencias métricas de la provincia de Ourense. Ourense, 1878.

DOBAO, X. ANTON L. Pesas e medidas. Santiago. Dir. Xeral de Política Lingüística, 1988.

PARTE II:

AS MEDIDAS TRADICIONAIS GALEGAS EN VIDEO

Sería desexable, parece claro, que os propios alumnos visitaran os distintos ambientes nos que aínda se conservan as medidas tradicionais.

Pero isto non sempre é posible, así que a oportunidade de deixar constancia en vídeo, aínda con pouca experiencia e medios limitados, pareceunos moi interesante.

O resultado é esta cinta de 18 minutos de duración e distribuídos do seguinte xeito:

Comenza ca intervención duns rapaces que senten curiosidade sobre a medida: ¿que é medir?, ¿cando medimos?, ¿que medimos?, ¿como sería un mundo sen medidas?. Finalmente centran esta curiosidade na medida tradicional e atopan un vídeo sobre a medida tradicional galega.

No minuto 5'08" comenza este vídeo cunha introducción á medida.

A continuación nos minutos 6'20" e 10'40" un muiñeiro e un bodegueiro presentan as medidas que se empregan nun muiño e nunha adega respectivamente.

Ao final de cada un destes bloques contrástanse valores numéricos para os mesmos patróns de medida en distintas localidades galegas.

Xa a partir do 15'04" trátase sobre a necesidade de unificación.

Finalmente, no 16'07", os rapaces da primeira parte despídense e invitánnos a seguir documentándonos acerca das MEDIDAS TRADICIONAIS GALEGAS.

Posible cuestionario para alumnos do 1º ciclo da E.S.O. que complementa a visualización:

As preguntas 1 a 9 corresponden á 1ª parte (introducción á medida). Da 10 á 14 e da 15 á 21 estúdiense as medidas de capacidade (áridos e líquidos, respectivamente). Da 22 á 25 trabállase a necesidade de unificación.

MEDIDAS TRADICIONAIS GALEGAS

NOME:

CURSO: N°:

1. ¿Que é medir?.
2. ¿Por que é importante medir?.
3. ¿Dende cando medimos?.
4. ¿Como medimos?.
5. Cita tres situacións da vida cotiá nas que medimos a diario e outras tres situacións nas que non medimos.
6. ¿Que unidades de medida empregamos habitualmente?.
7. ¿Que número nos permite establecer equivalencias cos múltiplos e os submúltiplos?.
8. Cita 4 unidades de medida tradicional e indica o seu uso.
9. ¿Podes establecer equivalencias entre elas?.
10. ¿E incorrecto que o muiñeiro fale de kilos e para a mesma unidade figure a equivalencia en litros?.
11. ¿Que é un ferrado?.
12. Tipos de ferrados. ¿Por que son diferentes?.
13. ¿Canto valen os ferrados?.
14. ¿Poderías calcular o teu peso en ferrados?.
15. ¿Que é unha ola?.
16. ¿Canto vale unha ola?.
17. Se 4 olas son 64 litros, ¿canto vale agora unha ola?.
18. Se 64 litros é medio moio, ¿canto leva un moio?.
19. Se 2 moios son 252 litros, ¿é posible que moio e medio sexan 192 litros?.
20. 27 moios é a capacidade da cuba maior, ¿a cantos litros equivalen?.

21. ¿Cantas botellas de medio litro podes encher se tes 2 olas?.
22. ¿Cantos patróns de medida temos en Galicia?.
23. ¿Por que é importante empregar un sistema métrico unificado?.
24. ¿Dende cando se dispón deste sistema de medida?.
25. ¿Aínda se empregan as medidas tradicionais?. Investiga na túa zona.

Posible cuestionario para alumnos de nivel superior, que permite aproveitar o vídeo para traballar o tema das funcións.

AS MEDIDAS TRADICIONAIS GALEGAS E AS FUNCIONS

NOME:

CURSO: N°:

1. No sistema métrico decimal, ou no sistema internacional, ¿cal é a función que nos permite pasar de metros a kilómetros?. ¿Cal é neste caso a variable dependente e cal a independente?.
2. ¿Que función convirte os metros en centímetros?. ¿Os metros son agora variable dependente ou independente?.
3. ¿Que función transforma as toneladas métricas en kilogramos?. ¿Os kilogramos son neste caso variable dependente ou independente?.
4. ¿Mediante que función pasamos de litros a decilitros?. ¿Son os litros variable dependente ou independente?.
5. ¿Que teñen en común todas as funcións dos apartados anteriores?.
6. Se un garrafón de media ola son 8 litros, ¿cal é a función que convirte as olas en litros?. ¿Os litros son variable dependente ou independente?. No caso último, ¿de quen dependen?.
7. Se moio e medio son 192 litros, ¿Cal é a función que permite pasar de moios a litros?. ¿E de moios a olas?. ¿E o moio variable dependente ou independente?.
8. ¿Podes lograr algunha das funcións do apartado anterior mediante a composición de funcións?. ¿Como?.
9. ¿E o bodegueiro consciente de que está a empregar funcións?. ¿De que tipo de funcións se trata?. ¿Sabe o bodegueiro compoñer funcións?.